

Martes, 4 de xuño de 2024

Núm. 108

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Persoal, oposicións

LISTA DEFINITIVA PERSOAS ADMITIDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR 1 PRAZA VACANTE DE OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (ENTERRADOR/A) (PERSOAL FUNCIONARIO)

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-1582, con data de 29/05/2024, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario do Concello de Redondela denominada OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (ENTERRADOR/A) e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2021, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (ENTERRADOR/A), encadrada na escala da Administración Especial; Subescala Servizos Especiais; Clase Persoal de oficios; Categoría Oficial; Grupo C, subgrupo C2 e incluída na Oferta Pública de Emprego do ano 2021, polo sistema de oposición libre, publicáronse no BOPPO núm.: 71, do 13/04/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 31/05/2023 e rematou o día 28/06/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1883, con data de 09/08/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (ENTERRADOR/A) (Persoal Funcionario), polo sistema de oposición libre, que se publicou no BOPPO núm.: 160, do 21/08/2023.

O día 04/09/2023 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para presentar reclamacións ou para subsanar outra documentación non excluínte.



Martes, 4 de xuño de 2024

Núm. 108

Tras non presentarse alegacións contra a lista provisional de persoas admitidas durante o antedito prazo, é polo que, de conformidade coas bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas bases específicas da convocatoria que foron publicadas no BOPPO núm.: 71, do 13/04/2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (ENTERRADOR/A) (Persoal Funcionario), polo sistema de oposición libre.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (ENTERRADOR/A) (Persoal Funcionario), polo sistema de oposición libre, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Titular: Fernando Covelo Rodríguez, oficial de Obras e Servizos do Concello de Redondela.
- Suplente: Manuel Comesaña Araujo, oficial de Medio Ambiente do Concello de Redondela.

SECRETARIA:

- Titular: Marta Pena González, oficial de Medio Ambiente do Concello de Redondela.
- Suplente: José Carlos García Taibo, oficial de Obras e Servizos do Concello de Redondela.

VOGAIS:

- Titular: Avelina Santiso Gil, técnica de Sanidade e Salubridade do Concello de Vigo.
- Suplente: M.^a José Armada Pereira, oficial coidadora, mantemento, vixilancia e control do Servizo de Vigo Zoo do Concello de Vigo.
- Titular: Jesús Manuel Garrido Marcos, xefe quenda de Limpeza do Concello de Vigo.
- Suplente: Ricardo Soler Vidal, oficial de Instalacións Municipais do Concello de Vigo.
- Titular: Enrique Alonso Rodríguez, oficial xardineiro do Concello de Vigo.
- Suplente: Miguel Ángel Alonso Alonso, axudante técnico do Parque Central do Concello de Vigo.

TERCEIRO: A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

- DÍA: 26/06/2024
- HORA: 08:30
- LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.



Martes, 4 de xuño de 2024

Núm. 108

CUARTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

- DÍA: 26/06/2024
- HORA: 11:00
- LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO: Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.”

Documento asinado electrónicamente á marxe.

